

# Séguenos

Canle de WhatsApp: "AFA CASTRILLÓN"

<https://afacastrillon.miampa.com/>

A través da APP MIAMPA



Asociación de Familias do Alumnado  
CEIP JUAN FERNÁNDEZ LATORRE

# Contáctanos

698.129.743

[afacastrillon@hotmail.com](mailto:afacastrillon@hotmail.com)



## COMO ASOCIARSE

- Descarga a **APP MIAMPA**, dispoñible en Google Play e App Store.
- O código é **D2655**.
- O curso do alumno/a é o que cursará no ano **24/25**.
- Págase despois de recibir o e-mail de validación.
- Cuota de 22,44€: 22€ por familia e 0,44€ de xestión do TPV.
- Non hay data límite para asociarse, simplemente hai que considerar os beneficios á hora de inscribirse nos servizos de comedor, actividades extraescolares, festas, etc.
- Para incidencias ou dúbidas sobre a APP envía correo a **afacastrillon+app@hotmail.com**.

## COMEDOR

- Información completa e detallada no díptico de **Jardanay**.
- A **inscrición** realizarase a través de **www.jardanay.es** do **20 de xuño ó al 10 de xullo**.
- **Criterios de obtención de praza** por orde de prioridade:
  - Usuarios/as con **beca comedor**.
  - Por rigurosa **orde de inscrición**, quen adxunte **na inscrición en jardanay** o **Certificado de Empresa** conforme precisa conciliación familiar. No caso de Custodia Compartida na que soamente un proxenitor precise Conciliación, deberá de inscribirse na modalidade de Turno Laboral.
  - Usuarios/as de **modalidade continua**, incluída a modalidade de turno laboral, sobre esporádicos.
  - **Asociados/as da AFA Castrillón** (no caso de haber máis solicitudes que prazas dispoñibles).
- **Horarios de saída**: dous turnos, ás 15.15 e ás 15.45 horas.
  - Ed. infantil sae pola porta principal, Casanova de Eirís.
  - Ed. primaria sae pola Avda. da Concordia.

## EXTRAESCOLARES

- Dende a **AFA CASTRILLON** ofrecemos actividades extraescolares xestionadas pola **Federación Provincial de ANPAs**, subvencionadas en parte polo Concello da Coruña, así como outras xestionadas por **empresas privadas**.
- A Federación Provincial de ANPAs está valorando que as actividades extraescolares do Concello, xestionadas pola Federación, poidan comezar o 16 de setembro en lugar do programa de conciliación Cóxegas.
- A AFA Castrillón pretende que as actividades extraescolares xestionadas pola asociación comencen o día 16 de setembro do 2024. **Os asociados terán prezos bonificados nestas actividades**.
- Indicaranse as datas de pre/inscrición o antes posible.

## PASE COMEDOR A EXTRAESCOLARES

- **Servizo exclusivo para asociados/as da AFA Castrillón**.
- Consiste nun servizo de garda e custodia que se estende dende que remata o servizo de comedor, ás 15.45 h, ata o comezo da actividade extraescolar, ás 16.00 horas. Acompañase ó alumnado e entrégase ó monitor/a da actividade extraescolar correspondente.
- Notificarase a través da APP para realizar a inscrición.

## MADRUGADORES

- Mesmo proceso de inscrición que para o servizo de Comedor, na web de Jardanay.
- Accédese pola porta pequena da Avda. da Concordia a partir das 07.30 horas ata as 08.40 horas. É preciso timbrar e acompañar ó alumnado ata a porta do comedor.